

TERRA DE OUTES 71

Xullo - Setembro 2025

1€



neste no.

Transfuguismo en Outes no inicio
da II Republica
Hórreos de San Pedro de Outes
Veciños discretos de Outes (X)
A casa de Galdrán. A panadaría Outón
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Xosé Luís Fernández

Editorial

20 anos da Asociación Cívico-Cultural Terra de Outes

Todo ten o seu aquel... e nós tamén, pois todo comezou a partir da plataforma Nunca Máis de Outes, aló polo 2003, cunha involucración total e doentes polo desastre do Prestige, que aínda segue moi latente na mente de moitos e moitas de nós: a detonante emocional que deu como resultado a actual Asociación Cívico-Cultural Terra de Outes.

A nosa primeira aparición pública como tal sucedeu un 5 de agosto de 2005, coa inauguración dunha exposición de homenaxe ó pintor ourensán Anxirino Suárez polo seu centenario, acto que tivo lugar na Casa da Cultura.

O longo de todos estes anos foron moitísimos e variados os actos que se levaron a cabo, sexan da memoria histórica, innumerábel xente homenaxeada, manifestacións varias, días das letras galegas, recoñecementos á muller, exposicións, libros para coñecer e ler tamén... é dicir, intentamos tocar distintas facetas sociais e culturais, englobadas co nome de "Muñadas", e nestes últimos anos tamén debemos sumar as variedades achegadas a nós do mundo do mar, tan sentido, tan chorado e á vez tan lamentado.

Xunto coa revista, que leva o mesmo nome, intentámoslle achegar á xente o sentir e o palpar das distintas opinións e sentimentos do pobo, que moitas veces nos comentan, comparten pareceres e nós, coa mesma, levamos ó papel, para que as demais persoas opinen ó respecto... que cada un é cada un, sen máis complicacións.

Que non esperen insultos nin bobadas, mais, iso si, non dubidaremos en dicir as cousas que nos parecen incorrectas, faltosas ou sen xeito, pois aquí non hai ningún mais ca outro; e un aviso a navegantes... que de chuliños nada de nada e cada un ó seu traballo á súa hora... eh... sen demora... responsabilidade e actitude?? Pois, se non, non nos vai quedar outra ca seguir insistindo na desidia por parte da nova corporación de goberno, coas faltas continuas de respecto á cidadanía que cumpre coas normas elementais cívicas, laborais e demais... pois á vista está... día tras día... día tras día... uns fenómenos que non senten nin o mínimo respecto pola xente que madruga e vai traballar... todo vicio??

Mais acabará... e virá alguén a quen non lle importe romper todo o vello e dicir... ehh? Agora é así, cada un á súa hora no posto de traballo, responsabilidade, nada de caralladas e risiñas nos bares de mantel, hhh... e o de que aquí non pasa nada... acabeuse rapaz?? Monecos de carrusel, macacos de salón, pinochios capuchinos, todo un fardé??

Seguiremos achegando ó público as nosas inquedanzas, suxestións e contribucións dende esta asociación que xa sentimos estar integrada na xente, pois xa esperan a saber dela, coas novidades e boas novas, ou non tan boas, que acaecen na terra tan querida por todos e todas nós. Non queda outra?

CORRECCIÓN DE ERROS:

No anterior número, nun artigo das "nosas novas" (páxina 3), indicamos que Sara Caamaño participa na especialidade de lanzamento de xavelina, cando realmente o fai na de peso. Dende aquí van as nosas desculpas.

Xa van vinte?

Xa van vinte anos desta foto. Que o tempo non perdoa é sabido, mais chegamos ata aquí; quen diría que foron tantos, mais xa está!!

A xénese segue intacta, os argumentos son os mesmos e as ideas non cambiaron; polo tanto, a seguir adiante, pois a loita existencial elévanos a un cume comparábel ó monte do Pindo, á Curota... ou á Pena no seu humilde feito, tan próximo, tan noso. Sempre para adiante e con dignidade. O resto é cuestión de tempo!



Foto: Lista incompleta dos socios fundadores de Terra de Outes. De arriba a abaixo e da esquerda á dereita: Xosé M. Orodea, Vicente Fernández, Xan García, Manolo Martínez, Carlos Casás, Pepa Alborés, Xosé M. Vázquez "Xastre", Lola Pena, Xoán Mariño e Ramón Blanco. Casa da Cultura, outubro de 2005

As persoas asistentes á asemblea en que se aprobaron os estatutos da asociación e se asinou a acta fundacional sómo-las que figuramos na foto.

A acta foi asinada nos días seguintes tamén por Marisol Nieto, Mingucho Campos, Rafael Fontenlos e Xesús Mato. Nas persoas participantes na 1.ª asemblea, que Xoán Mariño convocara un ano antes e na cal decidimos crea-la asociación, tamén debemos incluír a Lolo Prol e Luísa Baña, Paz González, Kiko Vidal e Pancho Balayo.

Manolo do Río estaba tamén entre os primeiros socios, ó igual que Pablo Nimo.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Xefe de Redacción: Mingucho Campos

Consello de Redacción: Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



**Concello
de Outes**

Presentación do número 70 da *Terra de Outes*

O día 1 de maio fixemos unha breve presentación do último número da revista *Terra de Outes*. Foi un acto sinxelo no bar "Tines", no cal Mingucho lle deu un pequeno repaso a cada achega. Hai que dicir que xa nas primeiras páxinas demos cun erro, no artigo relativo a Sara Caamaño, de deportes, pois eu mesmo, autor do citado artigo, puxen como a súa especialidade a xavelina en vez do peso. Quero aproveitar para rectificar e desculparme cos lectores e coa mesma Sara pola tal confusión. Polo demais, o acto seguiu sen máis controversias.



Dr. Dios

Xastre

Para a nosa asociación Terra de Outes foi un privilexio ter o socio e amigo Dr. Xosé Dios levando a cabo un labor tan necesario durante tantos anos e facéndolle chegar á xente de a pé o mundo da medicina familiar. Durante estas xornadas deunos a entender a todos e todas as variedades de doenzas a que podemos optar pola idade e, tamén, a maneira de solucionar o seu efecto nos nosos corpos e na nosa vida. Un traballo encomiábel e por iso, dende esta revista, que tamén é a súa, vai o noso maior agradecemento. Unha aperta forte!



Unha de barcos

A primeira fin de semana de xullo leváronse a cabo as XX Xornadas de Cultura Mariñeira no concello de Muros, baixo o nome Muros Mira ao Mar, onde se deron cita as distintas asociacións relacionadas co mar, que amosaron as variedades de tipoloxías dos barcos. Houbo tamén degustacións gastronómicas, actividades relacionadas coa vida no mar e diversas exposicións e actividades musicais.

A nosa asociación, Terra de Outes, tan implicada sempre neste tipo de actividades, participou con algunha das súas embarcacións.

A Inchadiña Branca Vela 2025, de embarcacións tradicionais, que terá lugar en Padrón os 25 e 26 de xullo, polos ríos Ulla e Sar, tamén

contará coa presenza da asociación, con algún dos nosos barcos. Este evento atrae embarcacións de toda Galiza e significa unha homenaxe ás xentes do mar e maila nosa insigne Rosalía de Castro.



Transfuguismo en Outes no inicio da II República

Xoán F. García

Nada máis rematadas as eleccións municipais de 1931, o Goberno municipal de Outes cambia de cor. O 26 de xuño acceden ao seu posto de concelleiros 12 persoas de orientación socialista e 6 da ORGA, deixando atrás unha época de mandatos conservadores. Na publicación deste autor “100 anos da Historia de Outes. 1880-1980” dabamos conta dese feito e do intrigante testemuño de Tomás Arcos, O Mazarico (páxs. 74 e 75).

Esta persoa, quen viña sendo sobriño de Xesús Martínez Arcos (primeiro alcalde da II República), comentaba que tiña escoitado do seu pai, Luis Arcos Martínez, que o xuíz municipal e dirixente do Partido Radical na localidade, Xosé Etchevers, lle aconsellara non coller o bastón de mando: “yo que tú no accedería a la alcaldía, pues España caerá, en dos o tres años, pero caerá, porque pronto habrá una guerra..”.

Diciamos ademais que, consello ou ameaza, algo debería ter ocorrido, pois Luis Arcos, curmán de Xesús Martínez, non tomou posesión do mando a pesar de obter máis votos ca este, e que era sorprendente o comentario sobre unha guerra civil que tería lugar uns cinco anos máis tarde. Houbo realmente ameazas da extrema dereita á persoa que estaba chamada a ser o primeiro rexedor da II República? Pois efectivamente, si as houbo, e ben que as houbo.

No Arquivo do Reino de Galicia consérvase unha carta remitida pola dirección da Sociedad Liga de Amigos La Fraternidad —unha das moitas organizacións que colaboraron e axudaron nos anos previos a esta vitoria da esquerda de que falamos (mesmo dela saíron destacados dirixentes locais)— á Delegación do Goberno da Coruña, co rexistro de 17 de novembro de 1931, e que reproducimos a seguir:

“Sr. Gobernador Civil

La Coruña

Excmo Sr:

Los que subscriben, Presidente y Secretario de la Sociedad Liga de Amigos La Fraternidad de Outes, ante V.E. recurre y dicen:

Que esta Sociedad fundada en el año de 1912, con carácter eminentemente republicano-socialista, según así se deduce de sus Estatutos, con socios en todo el término municipal de Outes, sostuvo en las últimas elecciones municipales una lucha con los antiguos elementos caciquiles y monárquicos, presentando candidatos propios del primer y segundo distrito de los tres que constituyen éste término, en donde alcanzó seis concejales de su seno sin perjuicio del apoyo moral y material que prestó a los elementos afines del tercer distrito, como eran las Sociedades de Estibadores y Carpinteros del Freijo. Así, constituido el Ayuntamiento con seis concejales de esta sociedad, seis que con nuestro apoyo consiguieron los del tercer distrito y alguno más de la oposición que socios nuestros no llegaron en el primer momento de la lucha a identificarse, se constituyó ésta Corporación municipal de la que esperábamos una buena administración, una tranquilidad que se deriva del fin común que perseguíamos, cual era el bienestar de los vecinos del término, y sobre todos nuestros compañeros llegamos al Ayuntamiento sin fines particulares”.

“...Don Manuel del Rio Montes, compañero nuestro en la lucha contra los antiguos elementos caciquiles parece llegó a su puesto con fines que no compaginan con los demás elementos que de nuestro seno y de otras sociedades forman la Corporación. Hace pocos días, con amenazas, engaños y propalando por todo el término que contaba de antemano con la aquiescencia de V.E. consiguió de modo ruin la renuncia de los concejales afines a ésta Sociedad y sus similares. De que esto es cierto puede usted comprobarlo por los propios renunciantes y hoy mismo tiene esta Sociedad datos suficientes para ponerlos a disposición de V.E.. Sólo el miedo y el asegurar de que contaba con su apoyo moral y material, pudo obtener la renuncia de diez concejales que hoy en su mayoría están dispuestos a eliminar de su seno a un señor que por sus antecedentes, actuación como concejal y propósitos para la sucesión, no merece sentarse entre sus compañeros de la corporación.

Su actuación nos es conocida en los dos meses que como concejal fue nuestro compañero. V.E. puede enterarse por el resto de los concejales y por los miembros de ésta Sociedad de los fines que persigue el Sr. Del Rio Montes como dirigente de un grupillo de exaltados y como negociante —en días buenos- de infelices emigrantes

y que hoy en declive dicho negocio, busca nuevos derroteros para sustituir los buenos ingresos que entonces obtenía, ya tiene a su favor una regular partida, a parte de otra fracasada.

No estamos dispuestos los elementos sanos que con la República venimos a luchar a su favor, a ser manejados por un elemento insano, sin prestigio, y que no hace más que amenazar con su amistad en estos centros provinciales, para de ese modo conseguir la renuncia de nuestros concejales o sustituirlos con otros que él cree que han de prestar a sus egoísmos. Es decir, levantarse con el Santo y la Limosna.

Por lo expuesto suplican a V.E.

Primero: Que confirme la no admisión de las renuncias de nuestros concejales.

Segundo: Que no se atienda ni se dé oídos a los manejos que a su favor y en perjuicio de la Administración, realice el antiguo agente de emigrantes y hoy concejal D. Manuel del Río Montes y

Tercero: Que se oficie por V.E. a la Corporación Municipal de Outes para que instruya un expediente contra dicho Sr. por hechos que en su cargo de concejal realizó y que están en la boca de todo el vecindario.

Es gracia que expresan alcanzar de la reconocida justificación de V.E.

El presidente: Antonio Domínguez

El Secretario: J. Coiradas"


O documento é o suficientemente clarificador. As ameazas conseguiron non só a renuncia de Luis Arcos, senón tamén o "cambio de chaqueta" de varios concelleiros; por iso se explica que, en 1935, 2 concelleiros (un socialista e outro da ORGA) xa non están, outros 4 concelleiros da ORGA pasan á extrema dereita da CEDA, xunto co artífice da operación, Manuel del Río Montes (socialista en 1931), e outros cinco socialistas cambian de signo cara á dereita, pasando ao Partido Radical. Quedan só o alcalde Xesús Martínez e cinco socialistas máis en posicións republicanas e progresistas.

A desesperación da Liga de Amigos La Fraternidad leva a pedirle ao Goberno Civil a anulación das renuncias, poñendo de manifesto as prácticas da ameaza e do transfuguismo.

Recentemente houbo un cambio de signo político no Concello de Outes e cómpre lembrar que Karl Marx sentenciou que a historia se repite, a primeira vez como traxedia e a segunda como farsa.



Captura do documento (Arquivo do Reino de Galicia)



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Unha foto antiga de Outes

Xoán F. García

Foi alá a finais dos oitenta cando a Casa do Concello acolleu unha mostra de fotografías antigas de Outes. A iniciativa saíra da A. C. Escarabello, quen lle encargara a Mari Carme Ramos a reprodución das orixinais que as veciñas e veciños prestaban amablemente.

Unha das fotos desta exposición, pola cal pasaron centos de visitantes, é a que ocupa este espazo.

A fotografía ten unha especial beleza e un lembra que os seus donos falaban de que lles parecía que se trataba dunha xuntanza familiar na Insuela, á beira do Tins.

La Voz de Galicia, na súa edición do 15 de maio, publicou unha reportaxe sobre a citada foto, en que relata que foi tirada polo fotógrafo noiés José Prieto Guerra.

Nos arquivos da Real Academia Galega atópase o orixinal desta especial estampa, documentada polo crego e historiador, tamén noiés, Eladio Oviedo Arce (1864-1918) en 1890, da que se fai a seguinte descrición:

“Plano xeral de grupo de asistentes á romaría de San Campio que se celebra en Santo Ourente de Entíns (Outes, A Coruña) a finais de setembro. En primeiro plano, un neno sentado. Detrás, mulleres vestidas de xeito tradicional, con pano na cabeza e mandís. No centro, un home con chapeu toca o violín. Á súa esquerda, unha muller cun paraugas porta unha pandeireta, e ao seu carón un neno con boina e un pau. Á dereita do violinista, unha muller cun pequeno no colo e unha pandeireta estendida na man, e un home con gorra en actitude de botar unha moeda na pandeireta.”

É este un exemplo do valor etnográfico e histórico que conteñen moitos documentos e, neste caso, especialmente para o concello de Outes e a súa veciñanza.



Hórreos de San Pedro de Outes

Xoán X. Mariño

O pasado 1 de marzo o autor, acompañado de Soledad Agra, deputada de Lingua da Deputación Provincial da Coruña, que subvenciona a obra, presentou na librería Ula da Serra o cuarto volume da serie Hórreos de Outes, que recolle os 231 hórreos desta parroquia que había no ano 2000, cando se fixo o traballo de campo, no que colaboraron estudantes desta parroquia que entón eran alumnos do IES Poeta Añón de Outes.

Desde entón algúns daqueles hórreos desapareceron e outros están hoxe en día arruinados. Precisamente foi este o motivo principal que nos impulsou a abordar o labor de cuantificar e coñecer tódolos bens do noso patrimonio cultural que debían ser conservados a fin de preservalos para xeracións futuras, diante da súa crecente deterioración, que é debido fundamentalmente ao abandono do rural, ao que estas construcións están indisolublemente unidas. Xa a aquelas alturas do cambio de milenio no que deu comezo a súa catalogación, era evidente que gran parte dos hórreos xa non se seguían utilizando para a súa función orixinal, algúns non conservaban máis ca o esqueleto de cantaría e nunha gran parte fóranse substituíndo as táboas por ladrillo e cemento. Ademais, a espoliación sistemática de que son obxecto as manifestacións da arquitectura popular polo valor da pedra con que están construídas, ou a cobiza dos traficantes de arte, que non teñen escrúpulos en dismantelar hórreos ou muíños para vender a ricos burgueses que embelecen as súas fincas e xardíns, onde queira que estean, con elementos deste tipo, obrigaba ao seu rexistro para impedir a súa impune desaparición.

A tarefa de inventariar a arquitectura popular, previamente localizada polo alumnado do instituto, foi realizada por Xosé M. Vázquez, "Xastre" e Xoán Mariño, autor deste libro, como principal responsable. Catalogáronse no proceso máis de 1.200 hórreos tradicionais.

Os correspondentes á parroquia de Cando (114) foron recollidos no primeiro volume da serie, publicada pola Asociación Terra de Outes no 2023. Os que existen na parroquia de Santo Ourente (201) publicounos a mesma asociación ao ano seguinte, así como os da parroquia de San Cosme (174) no 2024. O cuarto volume, presentado agora, abrangue os 231 da parroquia de San Pedro de Outes, dos cales 50 son de pedra, 12 de madeira e os 169 restantes, mixtos. Os primeiros posúen todos os seus elementos construtivos, salvo o tellado, feitos con pezas de cantaría ou cachotaría; os segundos teñen os pés de pedra e o resto de madeira, menos o tellado; os terceiros, ademais dos soportes de pedra, tamén teñen as paredes penais (as curtas) deste mesmo material e as costais (as longas) de madeira, pero asentadas sobre traves de pedra, e a veces os entrepanos reforzadas con columnas que, ademais de separar os distintos tramos, xeralmente actúan tamén de xambas para as portas que eventualmente se abren nelas.

Os hórreos de pedra concéntranse nas partes altas da parroquia: A Carballa, Carleo de Abaixo e de Arriba, Lucil, Mirás e Moledo, mentres que só 5 aparecen en lugares a nivel do mar e isto é debido a que a certas alturas a maior humidade estraga a madeira e fai pouco recomendable o seu uso nos exteriores das arquitecturas. Os hórreos de madeira, o maior número de todo o concello, están na súa maior parte desaparecidos ou arruinados, conservándose só dous deles en pé hoxe en día. A maior cantidade (169) corresponde aos hórreos mixtos, a maioría, como dixemos,

nas partes baixas do territorio, pois nas altas hai menos de 30, distribuídos en cinco aldeas diferentes. Deles, case 150, corresponden aos hórreos de dous e tres tramos repartidos a partes iguais.

Se ben na catalogación realizada no seu momento os hórreos están clasificados por tipoloxías, para a súa edición optouse por unha distribución por lugares, para que os lectores interesados os localicen máis doadamente. Cada un deles está fotografado, medido e descrito, incluíndo un estado de conservación. Por outra parte, os hórreos de cada lugar van precedidos dun plano do mesmo no que se sitúan todos eles, ademais de doutros elementos patrimoniais (pontes, cruceiros, fontes, capelas...) existentes, así como un estudo dos aspectos xeográficos, históricos, artísticos, incluída a toponimia e forma de chegar a el, particularmente extensos no referido á capital municipal.

Ademais, no libro vai un prólogo no que se explica o proceso do traballo de campo e os alumnos participantes nel. Ségueno un capítulo de Xeografía, Historia, Literatura e Arte da parroquia de San Pedro de Outes, que ocupa 20 páxinas das 350 que téñen o libro, que tamén téñen un capítulo de xeneralidades nas que se detallan tipos de soportes, medidas, formas dos remates decorativos, así como curiosidades relativas á súa distribución pola parroquia.

HÓRREOS DE OUTES

4. OS HÓRREOS DE SAN PEDRO DE OUTES

Xoán X. Mariño Reino



Asociación Gvico-Cultural
TERRA DE
OUTES

Veciños discretos de Outes (X)

Aberiotas, a flor que repón as merendas

Emilio del Río

Escribiamos hai uns poucos meses, no número 68 de *Terra de Outes*, sobre os quitamerendas, flores humildes pero destacadas da botánica e da cultura popular galega e europea por estaren ligadas, no momento da súa aparición, a cando no ciclo agrario e rural os días acurtan e se adía a merenda, facéndose unha cea máis cedo algo antes.

Pois ben, da mesma maneira que hai unhas flores que quitan as merendas, ten que haber, por forza, outras que as poñen de novo, coma o día segue á noite e coma o verán ao inverno, aínda mediando pola primavera entre os dous. E estas flores son as aberiotas ou merendeiras, flores discretísimas e espectaculares a un tempo, que podemos ver en marzo e abril, abríndose case a rente do chan coas súas cores entre o azul e o lila, o branco e o amarelo coma unha bandeira (figura 1). En Outes podemos velas maiormente na liña costeira, en zonas solleiras ou de semisombra, de areas ou bordos dos piñeirais, aínda que tamén poden verse máis raramente en prados e beiras dos ríos.



Figura 1. Dúas flores de aberiota nos piñeirais costeiros de Outes, case baixo os pés dos bancos e mesas das merendas de Broña, facendo máis auténtico aínda o seu nome tamén popular de "merendeiras".

Pertencen á familia dos *iridaceae*, o conxunto das plantas cun pequeno bulbo ou cebola, cunha ampla representación na botánica e dos cales xa falamos aquí dalgúns xéneros, como os narcisos ou amarelle ou os gladiolos silvestres, ou os propios quitamerendas e *crocus*. O nome científico das aberiotas é *Romulea*, con diferentes especies, das cales o *bulbocodium* é probablemente a máis común. *Romulea* fai referencia a Rómulo, fundador mítico de



Figura 2. As cores das aberiotas non son caprichosas: o azul malva, o branco e o amarelo son especialmente rechamantes para o sistema visual dos insectos, particularmente dalgúns especies de cascudas, que aproveitan o calor e acubillo e a irradiación solar que estas flores lles ofrecen nun inverno que remata e unha primavera que pode comezar fría e inhóspita.

Roma co seu irmán Remo, e a ter un bulbo lixeiramente piloso, que é o que indica a especie *bulbocodium* (figura 2). Con todo, en Galicia son varias as especies presentes. Precisamente a presenza de 4 especies diferentes de aberiotas foi un dos

argumentos aducidos polos grupos ecoloxistas hai uns anos para alegaren contra a construción dun aparcadoiro de coches no Baixo Miño, no piñeiral de Camposancos. As aberiotas son flores que se estenden por Europa, África e os arquipélagos atlánticos da Macaronesia, cunha variedade ampla de especies. As rechamantes flores das aberiotas están compostas por 6 tépalos (estrutura única, indiferenciada, de sépalos e pétalos) que amosan tres bandas de cor lila, branco e amarelo na parte fonda e estreita. As follas, que adoitan ser dúas, son longas e de sección redondeada, de apenas 2 milímetros de diámetro e 10 a 15 centímetros de lonxitude. Parten dunha pequena cebola enterrada de 2 a 6 centímetros baixo o chan.



Figura 3. As aberiotas, coma un nutrido grupo de flores polinizadas por insectos, adoitan recoller os tépalos pola noite, reducindo os riscos de dano pola friaxe.

As flores de aberiota pechan pola noite, coma moitas flores que se resgardan das friaxes nocturnas, aínda que, por situarse nas beiras do mar, teñen menos risco de xeadas que outras plantas de maior altura (figura 3).

Os riscos principais para estas coloristas e fugaces plantas son comúns a case todas as especies costeiras: a competencia con especies invasoras, xa abundosas nas nosas costas, como

Oxalis purpurea, de delicadas e engaiolantes flores púrpura (figura 4) ou *Oxalis pes-caprae*, de escapos (agrupación de flores sobre un talo) amarelos. Ambas son nativas de Suráfrica pero poden verse. O segundo risco para a supervivencia e o mantemento das aberiotas é a urbanización pública ou privada pouco respectuosa dos territorios costeiros, maiormente dunas e areais, áreas predominantes destas plantas. Confiemos en que as normas de protección costeira e as propias obras públicas da beiramar defendan estas preciosas flores e o seu hábitat, xa que elas non teñen outro medio de defensa que a súa propia beleza.




Figura 4. A maior ameaza para as aberiotas vén da man do ser humano, pola invasión, urbanización e “cementación” do seu contorno vital e pola competencia con algunhas especies exóticas. Esta imaxe é do prado da praia de Broña, xunto ao parque infantil. A pesar da beleza deste tipo de trevo, que se chama *Oxalis purpurea*, é unha especie invasora.

Dolores Lestón Arcos

A sabenza da costura

Mingucho Campos

Para contextualiza-la temática que imos tentar desenvolver neste breve retrato escrito sobre a protagonista que figura no seu título, cremos preciso deixar constancia duns breves apuntamentos, de xeito que resulten de utilidade á hora da súa lectura, sobre todo para aqueles lectores/as máis novos/as.

A habilidade da costura é unha práctica milenaria, unha parte vital da historia do quefacer da humanidade. As costureiras, ó longo da historia, desenvolveron un importante rol no sector da economía e o seu traballo e esforzo foron decote xustamente valorados e apreciados.

Achegándonos máis ó tempo en que viviu a súa primeira infancia e adolescencia a protagonista deste relato que hoxe incluímos na revista **TERRA DE OUTES** (anos posteriores á guerra civil que deu lugar á ditadura do xeneral Franco), cómpre dicir que no ámbito da vestimenta, do mesmo xeito que noutros, impuxéronse normas sobre a roupa que debían leva-las mulleres nos actos sociais. O loito naquela sociedade da posguerra civil, en que moitas familias esperaban ou choraban os seus fillos, tiña imperado a morte que obrigaba moitas mulleres a vestiren de negro dos pés á cabeza durante moito tempo e os homes colocaren un brazalet tamén negro arredor do brazo como sinal de loito. Inclusive, as mulleres cando acudían á igrexa debían leva-la cabeza cuberta cun veio.

Moito poderíamos comentar sobor das carencias derivadas daquela guerra.



Alumnas da academia, nun descanso, cun neno de Lola

democrático chamado II REPÚBLICA. Foi precisamente nos anos deste último goberno en que naceu á vida a protagonista da cal imos falar.

No decurso do ano 1933, totalmente allea ás vicisitudes que en Galiza e no resto de España se vivían, a aquel ambiente prebélico, viu por primeira vez a luz e a escuridade no seo dunha familia numerosa, que tanto a súa nai, Pepa, coma o seu pai criaran con moito cariño e tanta dedicación, a meniña á cal toda a contorna recoñecerá como "LOLA DE PACHECA". Era a benxamina de seis irmáns, cinco mulleres e un varón, todos eles nados na casa que a familia posuía no Cunchido, coñecida inda hoxe como "CASA DE PACHECA" e situada actualmente na confluencia da rúa de Entíns coa avenida do "Rocío" (Resío en galego).

Do mesmo xeito que a maioría dos meniños de teta, comía, choraba, durmía placidamente e respondía ledamente os agarimos que a familia lle propiciaba. Mentres, o seu corpo ía gañando en peso e altura, mais cando acadou a idade de tres anos estourou aquela horrible guerra civil que trouxo como

Lembremos tan só algunhas delas: a fame, o segredismo, a falla dunha mínima hixiene, a mingua do nivel sanitario, o racionamento, o negocio do *estraperlo*... No ámbito rural, ter algunhas propiedades agrícolas, algo de gando e facenda e unhas toxeias con piñeiros nos montes constituía todo un privilexio en comparanza cos que sufrían a falla de todo nas cidades e vilas. Mais antes deste golpe de Estado militar e eclesiástico, que nos levou a un sometemento ditatorial de case 40 anos, houbo en España outro goberno lexítimo e



Antigas alumnas da academia

Xa denantes do pasamento paterno os pais fixeran unha profunda amizade cunha familia de Noia alcumada "OS CHAUCHAU". Tan forte era esta amizade que os dous matrimonios eran compadres e comadres. A familia "Chauchau" era dona dun curtidoiro situado en san Bernardo, Noia. Para curti-las peles precisábase de casca e moita desta procedía dos montes de Outes e era transportada en carros tirados por vacas que, nalgúns casos, a deixaban amoreada nas inmediacións da casa de Pacheca para logo trasladala nos poucos camiños existentes ó seu destino. Eran tempos de casqueiros e carreiros, traballadores que gañaban deste xeito un xornal de

que tan necesitados estaban os seus fogares. Tamén eran tempos de paneiros, que, cos seus macutos ó lombo ategados de teas, percorrían os lugares para ofertar aquelas que se precisaban nos fogares, e de arrieiros, que, coas súas reas de facos e mulas, visitaban as aldeas para comprar froita e vendela despois nas vilas de Noia e Muros.

Rafael, o "Chauchau", tiña dúas fillas que se adicaban á costura: Lucía e Ghina, afillada dos pais de Lola, e a casa desa familia vai se-lo destino durante dous anos de Lola e alí é onde aprendería con elas a "sabenza da costura", tal e como titulamos este relato.

consecuencia moita tristura, incerteza e dor ás familias dos rueiros que lle resultaban tan familiares. Mais os infortunios nunca rematan e, arredor de dous anos despois, finou o seu proxenitor, o pai dos agarimos e xefe da súa numerosa tribo. Este acontecemento tivo que deixar unha grande fenda na familia, que quizabes Lola, con cinco anos, non foi quen de apreciar coma a súa nai e os irmáns maiores. Mais a vida segue e hai que substituí-lo pai á fronte da taberna e botarlle unha man ou as que se precisasen nos labores agrícolas á nai, combinando traballo e os estudos. Era a lei que a vida impuña naqueles tempos.



Dereita-Esquerda... Lola cun fillo, Elena de Troncoso, María Joaquina da Xalleira e Nochita de Pacheca



Lola con María Xosé e Agapito

Cando consideran que os coñecementos adquiridos eran suficientes para obte-lo **TÍTULO DE CORTE E CONFECCIÓN**, solicítalo e dende Vigo outórganllo despois de valora-los seus coñecementos (equipo de roupa elaborado por ela) e cun pagamento previo de mil trescentas pesetas (1.300) que o asinante do presente artigo puido comprobar por si mesmo. Hoxe en día este título equivalería ó obtido despois de cursar Formación Profesional (FP) por esta especialidade.

E dá comezo para a protagonista unha nova etapa da súa vida: A VIDA



Dolores de Pacheca

LABORAL, que equivale a dicir incorporación ó mundo do traballo. Moitas eran naqueles tempos as costureiras que visitaban as casas que as demandaban para remendar, coser prendas, confeccionar algunhas, entre outros mesteres solicitados, coa súa máquina de coser portátil na cabeza dende lugares inclusive distantes. Porén, Lola devecíala por algo moi diferente e para iso volveu ó Cunchido e alí montou a súa primeira academia de corte e confección na casa do "Arenga", que ficaba case fronte á súa. Para lle daren publicidade á academia decidiron contactar con Manolo do

Café, encargado dos aparellos de proxección do cine de D. Félix, despois de Filuca, para que dese información na pantalla desta inauguración. Despois de que se espallou a nova difundida no cine da Serra, comezou o aflujo de mozas para asistiren ás clases de costura na academia. Tal foi a demanda que a academia de Lola chegou a contar vinte e catro (24) alumnas por temporada, procedentes dos máis diversos lugares do concello de Outes.

Co decurso do tempo, á ditadura non lle quedou outra solución que irse facendo algo, non moito, máis permisiva quizais, sobre todo, pola penetración no país doutros xeitos de vestir e vivir noutros países do contorno próximo, mais tamén dos afastados, da liberdade de que desfrutaban e do espaxamento que producía. As fornadas, primeiro, da emigración a América, inda que fose de polisón nun daqueles barcos de vapor que partían de Vigo como fixera a irmá de Lola, Marina, tamén tiveron o seu protagonismo na cativa apertura do réxime polo que describían e contaban nas súas cartas e polas remesas de diñeiro que enviaban. Logo comezou a emigración a Europa, que contribuíu a ergue-lo benestar peninsular. Mais tamén, por que non dicilo, a xente do interior foi perdendo o medo e as presións internas continuas, igual que as externas, obrigaron ó réxime a permitir certos costumes e xeitos de vida pensables en anos anteriores.

Da casa do "Arenga" traslada a academia a un inmoble construído na horta familiar, que tiña acceso pola rúa de Entíns. Cantas noites teñen durmido moitas daquela mozas nas noites de chuvia e inverno na casa da nai de Lola, a Sra. Pepa! Lola era xa unha moza garrida e o amor non se demorou en lle petar na porta do seu corazón. Era un galán procedente dunha familia da parroquia de Santa Cristina de Barro, de nome Agapito Santamaría Moares. Despois do correspondente noivado, a parella de namorados consuma a súa unión casando no ano 1959 e instálase provisoriamente na casa materna da noiva; porén, non se demora na construción da súa propia vivenda, rematada no ano 1963, que todos popularmente coñeceremos como "A CASA DE LOLA DE PACHECA", situada na hoxe en día rúa de Compostela. Alí fixaron Lola e Agapito o seu fogar definitivo e a el traslada Lola a academia. Do matrimonio nacen catro fillos, dúas mulleres e dous varóns: María, Agapito, Lolita e Carlos.

E a vida continúa, quizabes con máis comodidades; porén, con máis ocupacións porque ás tarefas da costura hai que engadir-lles un comercio de atención ó público e o coidado e a atención constante que requirían os fillos, inda que para iso contou coa axuda sempre da súa irmá Pepa. Porén, a felicidade nunca é completa nesta vida, sobre todo cando sucede o pasamento do que foi o compañeiro da vida.

Cando se iniciaron as tarefas previas ó traballo de redacción, atopámonos cunha Lola en perfecto estado de saúde, cunha lucidez mental incuestionable, que nos lembrou ata os máis mínimos detalles e á cal é debido recoñece-la súa deferencia e trato, xunto, tamén hai que dicilo, á súa filla Lolita.

Rematamos como comezamos este artigo: cunhas breves reflexións. A vida ensínanos que as persoas sinxelas, próximas, que teñen sempre unhas palabras agarimosas e o corazón aberto ó cariño, á comprensión e ó respecto, son as depositarias da meirande dignidade humana.



Foto familiar

Entrevista a...

Xosé Luís Fernández

Hoxe, 19 de xuño, contactei con Xosé Luís pola primeira vez para argallar a entrevista, e xa dende ese instante me transmite, igual el non se deu conta (seguro que si) unha confianza inexistente ata ese momento, pausada e tranquilizadora por si mesma... pois eu noteino... e só falo de min. Foi unha conversa breve e puntual... pero gustoume. De verba próxima, veciño de Tarás, e iso dá unha inconsciente ligazón territorial e mental aguda... si, todo chega a influír no pensamento cotián... relevante con base nun esforzo máis ca demostrado, sen exigencias do guión, sae por que ten que saír... espontáneo por si mesmo... natural... que somos así... non podemos pedir máis... Cando un ten o costume de dar sen esperar nada a cambio, nótase na fala, na harmonía do falar, coma as notas nun pentagrama... hai que saber delas, pois é a maneira de que transmitan o que o propio autor quería dar á persoa “escoitante”... hh! vaia palabriña acabo de inventar... ou non.

Neste ano 2025, co grupo Empujando Sonrisas, están nunha carreira singular, particular, para o mes de decembro, na cal o seu fillo Mario, xunto con Pedro, outro amigo coa mesma condición, serán as primeiras persoas en participar con cadeira adaptada nunha carreira de 100 km que sae da Patagonia arxentina ata Chile, demostrando unha vez máis que non hai barreiras, que con tesón e moita vontade e cariño pode chegarse ó nunca pensado. Un soño feito realidade. Unha oportunidade para lle demostrar á sociedade que un mundo sen barreiras é posible. Todo ese proceso de tal fazaña o plasmou para desfrute de todos e todas no seu libro *El hilo verde*.

Todo comeza no ano 2013. Xosé Luís e a súa parella Paula deciden levar a cabo todo un proceso de trámites interminables, pesados, cheos de incerteza, a expensas do que pase no país de adopción... neste caso de Etiopía.

—Xa con Mario na casa, con catro meses, dámonos conta—recalca— de que algo non vai ben no seu desenvolvemento e, tras unhas probas, diagnosticáronlle parálise cerebral, motivada por unha hipoxia no seu nacemento. O que nun principio parecía un pequeno saniño, moi feitiño el, de nome Mario, no que ata ese momento todo ía lineal, en ascenso no plano emocional, cambiou todo 180°.

Esa nova situación, a cal tiveron que afrontar con moita valentía, unha situación inesperada e dolorosa, trouxo ansiedade e tristura nun principio ás súas vidas. Tiveron que reiniciar o seu presente para afrontar o futuro, pasar como un dó inicial, como el nos relata. Intentar cubrir tódalas necesidades existenciais para esa nova situación para co seu fillo.



E ante todo isto, o deporte foi unha vía de escape, un catalizador, para afrontar esa nova realidade. O deporte inclusivo que ata o momento tiña pouca sona, ata tal punto que, logo de empezar a correr, Mario saía con eles e de pronto moita xente nas mesmas circunstancias da vida comezou a unírselles e, dende aí, xa foi todo medio rodado ata a actualidade, con numerosas participacións en eventos deportivos dese estilo, intentando levarlle á sociedade unha mensaxe de que todos e todas temos cabida, a pesar das diferenzas que podemos afrontar no día a día, e para iso o deporte é moi importante, para transmitir esa mensaxe de inclusión e esperanza, tan necesaria nestes tempos revoltos.

Recalca a importancia do deporte, pois é o mellor vehículo curador, integrador e inclusivo, como unha vía para canalizar tódalas emocións que fan aflorando ante esa nova situación emocional. A partir diso non deixou de unirse xente ante situacións parecidas ou simplemente por solidariedade colectiva, dando lugar ó grupo Empujando Sonrisas, con participación en medias maratóns ó longo do mundo e con cada vez máis persoas afeitas á causa. Farán historia en El Cruce, serán os primeiros en correr alá con mobilidade reducida.

Sen intención de se renderen, mais si de seguir formando familia, decidiron unha nova adopción e, neste caso, chegou ás súas vidas outro neno, chamado Álex, de Vietnam, que viña coa pasaxe verde, é dicir, con algunha necesidade especial, un pequeno problemíña de corazón que xa está corrixido.



—Tomar a actividade deportiva como refuxio xorde de casualidade, como todo o que vale a pena nesta vida, sen moitas voltas. E un día que íamos Paula e mais eu a correr, preguntámonos quen queda con Mario e coa mesma decidimos que nos acompañase coa súa cadeira de rodas e, vendo que disfrutaba un montón, xa nos fixemos inseparables.

—Unha das leccións que nos deixa o paso por esta vida é que nunca vén todo como un espera, pero ó final hai que adaptarse ás novas circunstancias e intentar, co que un ten, vivir e ser feliz. Con Mario a vida deu nos un cambio de 180°, pero tamén nos trouxo cousas maravillosas, fomos a sitios que nunca pensamos ir, experiencias novas, coñecemos persoas arredor de Mario e con ilusión ímonos adaptando a novas metas que van xurdindo ó seu arredor.

Despois dun golpe inicial que ninguén espera (ter un fillo con discapacidade), pasan cousas, coñeces persoas que son maravillosas e dáste conta de que a vida a enfocas doutra maneira, cambiou o prisma, que non é peor, é distinto e todo iso queda plasmado no citado libro *El hilo verde*. Recomendable lelo.

Vénme á memoria unha lenda oriental, que vén a dicirnos que hai un fío vermello que conecta tódalas persoas que están destinadas a se coñeceren. Neste caso o noso protagonista ponlle cor verde a ese fío que nos conecta a todos. Un verde galego e un verde esperanza.

Subliña que Mario *veu ás nosas vidas para cambiar as regras do xogo e tamén para nos completar*. Casualidades da vida.

—A achega emocional da familia e as amizades foi fundamental á hora de levar tal situación... simplemente con as sentirmos aí ó lado foi todo un luxo para todos nós.

—Xa no colexio, cos seus compañeiros e compañeiras está totalmente integrado, xa dende o primeiro día, coa súa profesora, que sempre estaba aí para coordinar unha relación progresiva, natural, co cal hoxe en día Mario é un neno mais.

Segue comentándonos que, cando participaban en carreiras e quedaban eliminados, nesas situacións anómalas, cando comezaron a loitar para que os deixasen participar como uns mais, os demais participantes eran os primeiros en lles aplaudir e axudar en caso de necesidade. Con comentarios positivos. —Buscábamos un cambio no regulamento, na mesma Federación Galega de Atletismo, queríamos ter a oportunidade de participar coma todo o mundo. Ó final, xunto coa axuda do Concello da Coruña, que se implicou ata as últimas, conseguiuuse.

—Compartir valores, reivindicar a inclusión e maila diversidade é o elemento fundamental na nosa filosofía de vida.

—Estamos coa intención de normalizar a discapacidade, de abrir portas, entendemos que o deporte está para incluír, para definir os valores fundamentais, integrados, socializados e felices. Ter a vontade de encontrarlles o sitio adecuado ás capacidades que ten cada un para dar o seu valor ó colectivo... Mati, Pedro...

Nenos e nenas con outras capacidades... o deporte real... soños coincidentes... e na carreira en concreto, esta de El Cruce, onde nunca ninguén participou cunha discapacidade e deron a súa aprobación por parte do comité técnico e, a partir de aí, segue unha evolución paulatina. O importante é desfutar das primeiras veces, onde viaxar e correr é todo un luxo, un proxecto de futuro....

Ante todo, a felicidade de Mario págao todo... é increíble!! A necesidade de competir non é primordial, o realmente importante é que Empujando Sonrisas nace dunha forma natural e van sumando cada vez máis persoas a este grupo (club deportivo inclusivo), pois hai persoas con discapacidade e sen discapacidade, pura integración. Iso é o bonito, xestos cheos de simbolismo que transcenden as consciencias, que logran cousas, metas que parecían inalcanzables... Diso se trata. Adiante sempre. Grazas por compartir connosco un cachiño das vosas vidas, Xosé Luís, Paula, Mario, Álex... e moitos máis. Vai por eles e elas! Unha aperta forte.



A casa de Galdrán. A panadaría Outón

Mingucho Campos

Poderíamos falar dunha simbiose nas dúas expresións do encabezamento, é dicir, da asociación de distintos membros de varias familias que resulta beneficiosa para cada unha delas? Ou quizabes, choutando ó terreo lingüístico, utiliza-lo termo sinonimia para poder definir esta figura retórica, estas dúas expresións ou enunciados diferentes mais de significado idéntico ou moi parecido? Coido que as dúas posibilidades gardan correspondencia lóxica entre si. Se unha persoa accede a Google e escribe cada unha das dúas e distintas expresións, comprobará que os resultados atopados coinciden con plena exactitude. Se unha persoa na Serra de Outes manifesta a súa intención ou necesidade de acudir a Galdrán, significa e enténdese por tódolos interlocutores que precisa mercar algún ou algúns dos produtos elaborados na panadaría Outón. Galdrán e Outón, Outón e Galdrán. Tanto ten ou tanto dá, que se diría na linguaxe coloquial.



Dando unha alancada atrás no tempo, atopámonos con que o pasado 30 de maio tivo lugar nun ateigado, diría máis ben rebordado, salón de actos da Casa da Cultura da Serra un acto que tivo como alicerce a proxección dun documental sobre **A CASA DE GALDRÁN; 120 ANOS DE HISTORIA**. Despois das grazas rebuldeiras da xeración máis nova da familia correndo e brincando polo escenario, alleas ou non plenamente conscientes pola súa idade do significado do acto, principiou este coa presentación por parte de dous xoves de Outes, Daniel Hortas e Carmen García. Deseguido, o alcalde Fran Calo, neto da Sra. Carmen Outón, dirixiu unhas breves e sentidas

palabras ó auditorio. Logo, a proxección do documental, polo cal fixeron un brillante desfile Pocholo, Paco, Silvia e Manolito, quen hoxe en día rexenta o establecemento denominado PANADARÍA OUTÓN, xunto coa súa nai María del Carmen e a súa muller Ana María, establecemento que por certo é moito máis ca unha simple panadaría, polos produtos que alí se elaboran e comercian. Non fallaron as intervencións das netas Carmen María, Rita, José Manuel e Bruno e a explicación dun cadro feito polo marido de Rita, a farmacéutica da familia. E tamén estiveron presentes,


para desfrute dos asistentes, as intervencións de Carmen de Chica e Pastora de Rates. Desexo non me esquecer de mencionar a ninguén. Por certo, si, a pequena Carmen, protagonista dun flash xunto coa irmá Silvia e a súa nai Ana María.

Aló polos anos de 1845 a 1850, chegou de arribada a estas terras de Outes, procedente de Ponte Caldelas, o mestre canteiro **Domingos Muíños**, coa finalidade de reparar-la igrexa parroquial de San Pedro de Outes ou da construción da coñecida como casa de Segundita Pose, situada na actual rúa da Vila. O certo é que este home, activo e emprendedor, este "buscavidas", reparou tamén o campanario da igrexa de San Xoán de Sosfreixos e principiou a construción dun inmoible na rúa da Cruz xunto coa súa dona, unha muller natural de Mirás, destinado a servir comidas, que remataría converténdose tamén en panadaría no ano 1905. Do matrimonio naceron dous fillos: Domingos e **Ermitas**. **Ermitas Muíños** casaría cun mozo da familia dos **Galdrán** e de aí proceden os nomes de **CASA DE GALDRÁN** ou **PANADARÍA OUTÓN**. Do matrimonio nacerían cinco fillos: Claudino, Juan, Angelita, **Carmen** e Manolo. **Carmen**, a **Sra. Carme**, foi a herdeira e continuadora do negocio familiar, ó cal achegaban tamén a súa colaboración os demais irmáns, sobre todo Claudino e Angelita. Debemos ter presente que naqueles tempos de privacións e moita miseria imperaba sobre todo o intercambio de produtos (pan por ovos, pan por fabas...); porén, estes produtos precisaban de comercialización nas vilas próximas e os medios de desprazamento de que se dispuñan eran os burros primeiro e despois os cabalos, sen esquecermos dos cestos na cabeza no diario repartimento do pan, sobre todo das fillas. Co decurso do tempo, o labor fíxose máis soportable polo uso de medios mecanizados.



Sra. Carmen, Mari Carmen, Roque, Manolito e Sr. José, de sobremesa.

Nunha entrevista que eu mesmo lle fixen a Mari Carmen Outón no ano 2013, que saíu publicada no número 24 desta mesma revista, diciame o seguinte: **"A xeito de anécdota teño que contar que a xente da miña xeración e anteriores que vive aquí ou emigrou a Europa nos anos posteriores ó 36 lembra un costume que tiña miña avoa, Ermitas, e que despois continuou a miña nai, consistente en agasalla-los nenos que acompañaban as súas nais cunha boliña. A min emocioname moito escoitar que a xente teña tan bo recordo delas e lembren a súa sensibilidade. Estamos a falar dos tempos difíciles da supervivencia, nos cales o pan era un ben moi prezado. Non coma hoxe que estamos cansos de todo..."** Engado eu: Que razón tiñas e tes, Mari Carmen!!





A Sra. Carmen celebrando o aniversario do seu neto Manolito

Eu creo ter coñecido a Sra. Ermitas; porén, os recordos que gardo dela son vagos. A quen si que coñecín e ben foi a **Sra. Carmen**. Inda hoxe bule no meu maxín a imaxe daquela muller tranquila, agarimosa, sempre atenta a todos e a todo e tamén afanosa nos seus quefaceres. Por iso, e talmente por iso, o pobo de Outes quíxolle render, o pasado 30 de maio, o mes das flores, unha grande homenaxe asistindo masivamente á Casa da Cultura. Nos anos que levo de retorno á terra nativa, a da miña nenez e infancia, non lembro outro acto que congregase tanta xente de Outes e mesmo doutros concellos. **A CASA DE GALDRÁN, A PANADARÍA OUTÓN, é merecente disto e moito máis. Porén, a SRA. CARMEN sempre na cabeceira.**

Estas páxinas de *Terra de Outes* veñen sumarse á homenaxe a unha saga familiar moi especial. Unha familia que tocou a vida de tantas persoas de xeito positivo. Unha familia que deixou e segue a deixar unha pegada tan indeleble na comunidade outense e nos corazóns dos que coñeceron os seus antecesoros e nos dos que levamos xa tempo tratando cos actuais.

A CASA DE GALDRÁN, A PANADARÍA OUTÓN, é todo un exemplo de bondade, altruísmo e xenerosidade. Sempre se preocupou polos demais en moitas ocasións moito máis ca por si mesma. A súa dedicación e compromiso coa comunidade foi incansable. Nunca faltou unha oportunidade de axudalos demais, mesmo cando supuña un sacrificio familiar.



Foto familiar

Ademais, esta familia foi un farol motivador, decote cunha visión clara e afouta que marcou moitos vieiros e fixo moitos camiños a seguir para traballar por un Outes mellor. O seu exemplo ensinounos e apréndenos que calquera cousa é posible se se traballa con determinación e paixón.

Sinto que non podo nin tampouco debo rematar este artigo sen referirme a unha persoa da cal, inda que non estea fisicamente connosco, o seu espírito e o seu recordo permanecen na memoria. Un día, caladiñamente, hai xa un tempo, deixounos **CHICO DE GALDRÁN**, a persoa que me aprendeu o valor da amizade incondicional. Ti, **CHICO**, agasalláchesme con momentos cheos de risos, ledicia e compañeirismo que aledaban inclusive os días máis tristes. Grazas por ter sido parte da miña vida. Sempre te recordarei con cariño e gratitude.

Remato xa con dúas intervencións de Mari Carmen na entrevista que lle realicei no ano 2013:

“... Si, os tempos van variando e a vida dos negocios tamén... Prodúcese melloras na elaboración dos produtos, da maquinaria, diversificación de ofertas e tamén xeitos diferentes de traballar. Recórrese a xente de fóra para o traballo cotián, mais tamén hai algún accidente que desgusta. Pero a vida sempre ten que continuar e continúa...”

“... A localización é a mesma, no n.º 6 da rúa da Cruz da Serra de Outes. É rexentada polo meu fillo Manolo. Sen el sería hoxe en día imposible continuar coa actividade. Manolo, inda que é licenciado en Xeografía e Historia, optou por seguir coa tradición familiar. Formouse asistindo a cursos en Barcelona, París, León, València, Londres etc., adquirindo unha sólida formación que lle permitiu cambiar formas e tecnoloxía para adaptalas ós tempos que corren. Tamén aprendeu da súa avoa, con quen facía un gran tándem. Mesmo se unían e facíanme fronte, pois eu pensaba de xeito distinto. Seguramente eu valoraba máis o tempo empregado e a miña nai non; tiña moita paciencia e iso, os xeitos, formas e o bo facer herdounos meu fillo...”



Sra. Carmen, Manolo e a súa filla Silvia

A CASA DE GALDRÁN, A PANADARÍA OUTÓN, é un establecemento emblemático, recoñecido e valorado pola xente que se achega á Serra a visitarnos, da bisbarra e de fóra dela, polos produtos exquisitos que se dispoñen en fermosos expositores ó servizo do público.

As Letras Galegas de 2025 en San Lourenzo

Sole Perol

Desde hai anos, no Local Veciñal de San Lourenzo vénse celebrando cada mes de maio o Día das Letras Galegas. Sempre no sábado anterior ao día 17, por non coincidir con celebracións noutros lugares.

Este ano xuntámonos unha vez máis para celebrar un novo **ENCANTO COAS LETRAS**. Ano que está adicado á **POESÍA POPULAR ORAL GALEGA**. A eses cantares e cantareiras personificadas nos nomes de **ADOLFINA E ROSA CASÁS RAMA**, de Cerceda, **EVA CASTIÑEIRA**, de Muxía, e **AS CANTAREIRAS DE MENS**, de Malpica.

En todas elas están representadas tantas e tantas mulleres anónimas que facían música e literatura sen tan sequera elas o saberen. Esa literatura e música que foi pasando de xeración en xeración.

Co paso do tempo, estudosos e investigadores musicais foron sacando á luz todo iso. Un papel importante tiveron e teñen tamén eses grupos que a transmitiron e seguen a transmitir. Como son, neste caso, as **CARAMELEIRAS DO FREIXO**, que ese serán nos acompañaron e fixeron desfrutar das súas voces e a súa música.

Contamos esa tarde tamén coa inestimable colaboración do mestre **Carlos G. Casás**, neto de **Adolfina** e curmán de **Rosa** (de Cerceda).

Foi una charla entrañable e amena en que nos falou das súas familiares cantareiras e as súas vivencias. Nas súas palabras coñecemos máis polo miúdo aqueles andares e traballos no lugar da **Vila da Igrexa**.

Como remate, escoitámo-lo coro de San Lourenzo, dirixido por **Juan Insua**. A última das cancións foi o **"Alalá de Outes"** do grupo outense **A TAJEA**. Dámoslle-las grazas a **Marga**, a **Cristina** e a **Sarai** por nos acompañaren.

Para remata-lo acto, no nome da **A. VV. SUEIRO**, entregáronselles uns agasallos aos participantes: unha réplica da fonte de San Paio feita pola xente de **ADISBISMUR** no seu taller de barro.

Como non podía ser doutro xeito, finalmente, compartimos petiscos, conversas e música.



Unhas Letras Galegas diferentes

Pilar Sampedro

Foi unha grata sorpresa que a Real Academia Galega (RAG) decidise dedicarlles as Letras Galegas do ano 2025 ás cantareiras. Cantareira, a palabra que representa a muller que canta cantigas populares, converteuse na Palabra do ano.

Estas mulleres, cantando, mantiveron vivo ao longo dos séculos o patrimonio oral colectivo, recrearon e transmitiron o cancionero, conservando ese tesouro de poesía e música, proxectando no mundo a súa creatividade e potencia cultural que ten como cerna a lingua galega.

Un exercicio de militancia inconsciente, un compromiso coa tradición, porque certamente as mulleres mantéñena en moita máis medida que os homes. Basta lembrar a historia das indíxenas do arquipélago de Kuna Yala (coñecido tamén por San Blas), un conxunto de 365 illas (tantas coma os días do ano). Os kunas que viven nesa parte de Panamá teñen moi distribuídos os roles: os homes visten normalmente ao modo occidental mentres que elas continúan utilizando as molas (un bordado que levan na roupa realizado coa técnica do “appliqué” inverso con múltiples capas e deseños complexos ben xeométricos e ben figurativos. O máis rechamante deste asunto é que elas elaboran as molas tamén para vender e que o fan por un prezo que non se corresponde co traballo nin as horas, polo cal se supón que simplemente manteñen a tradición mentres os homes, coa pesca e o turismo, sosteñen a familia.

A reacción ante a decisión da Real Academia Galega foi semellante a cando recaeu o Premio Nobel de Literatura en Bob Dylan. Non pensáramos que era posible e pillounos despistados sen que iso tivese sentido. Porque esa literatura é digna de recoñecemento e tamén as persoas que a mantiveron ao longo do tempo, tamén dos chamados Séculos Escuros, nos cales desapareceu a outra literatura, a culta, a escrita e impresa.

A RAG cumpre as súas normas e concreta en sete o colectivo feminino e anónimo que cantou ao longo dos séculos; detense naquelas que levan unha década mortas: Adolfinia e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira (Muxía) e en catro das cinco Pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños): Prudencia e Asunción Garrido Ameijende, Teresa García Prieto e Manuela Lema Villar. Estas mulleres foron elas da cadea nesa transmisión da poesía popular oral. As tocadoras de Cerceda e Malpica formaron parte das 600 persoas informantes do *Cancioneiro popular galego* publicado nos anos 80 do século pasado pola musicóloga Dorothe Schubarth (1944-2023) e o académico Antón Santamarina.

Desta maneira, a RAG tamén tenta compensar dunha maneira ben xusta a desigualdade de homes e mulleres a quen se lles dedicaron as Letras. Ata este ano eran seis (e agora trece ao sumarlle sete) fronte a cincuenta e oito homes. Por segunda vez, faíno recaer en máis dunha autora ou autor, tal como sucedeu cando se lles dedicou en 1998 aos trobadores da ría de Vigo: Johan de Cangas, Meendinho e Martin Codax, nunha homenaxe á poesía medieval.

É este 2025 un ano magnífico para valorar todo o que se fixo por medio das recollidas dos diferentes autores e autoras, músicos e músicas, docentes e alumnado nas escolas... Algúns deles formando parte dos grandes repositorios como o Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega ou o APOI (Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade), algúns publicados en libros ou en revistas escolares e outros gardados de maneira que en calquera momento se poden perder.

Para min foi unha sorpresa cando en Vilar de Santos coñecín un avogado que recollía esta riqueza (co seu irmán, no tempo que lles quedaba libre) e sufría pensando que quedaba moito por facer e en risco de desaparición. Como é posible que este ano, co motivo do Día das Letras Galegas, a Xunta non convocase axudas (bolsas ou o que sexa) para facilitar este traballo que dende sempre se leva facendo de maneira altruísta? Como é posible que non se artele a maneira de xuntar o que anda por aí solto para evitar a perda? Os músicos e músicas relacionados co folk certamente utilizaron parte das obras recollidas para poder cantalas, de novo, agora con nome e apelidos; un traballo para agradecer tal como o foron as agrupacións que levaron as cantareiras a ocupar os escenarios (Milladoiro, Carlos Núñez, Berrogüeto, Xabier Díaz...). Sempre lembraremos a Manu Chao subindo a Josefa de Bastavales para mostrar a riqueza da nosa diversidade ao mundo.



Eu agradezo tamén o papel de Mercedes Peón levando estas mulleres a Luar, dignificando o seu labor por medio da TVG, igual que se fixo máis tarde co programa Alalá. Un aparato de verificación para que se saiba cal era e é o seu valor.

Todo isto está moi ben. Recoñecer as cantareiras, esas mulleres que se mantiveron no anonimato, e tamén todas as persoas que se esforzaron en recoller os seus cantos, dende as instancias máis altas (a biblia que pode constituír o arquivo Shubarth – Santamarina) ata os traballos de aula publicados na revista escolar. Toda esa xente ve, por fin, honrado o que facían sen coñecer o seu valor. Unha vez máis debemos mirar as escolas, especialmente as dos tempos da renovación pedagóxica que ía unida ao compromiso democrático, as mestras e mestres que ademais deron acubillo e moveron a moza Dorothe Schubarth (unha suíza con poucos coñecementos da lingua e do medio e sen medio de transporte) por toda Galicia; sen elas, que a poñían en contacto coas informantes, non teríamos cancionero.

Unhas Letras diferentes que deben facilitar que esa riqueza se incremente e difunda, agora que temos grupos folclóricos en cada concello, que á xente lle apetece cantar e bailar aproveitando calquera ocasión, que xa non podemos evitar. Pero sempre hai unha conxunción adversativa, sempre aparece un “pero” que fai que treme o edificio enteiro. Neste caso é ese empeño en cantar cantigas que non están en galego, que foron recollidas tal como as cantaban (certamente) e que nos anos en que isto se facía, en plena ditadura e subseguintes, obedecía á diglosia, á infravaloración dunha lingua que se consideraba de aldeáns e ignorantes e da cal todos pretendían fuxir. Esas cantigas respondían a ese tempo e esas circunstancias e estivo moi ben recollelas e gardalas; repetilas difundíndoas agora só pode responder a mala intención, a deturpar (tamén) as Letras Galegas cantándoas en castelán, a encher o folclore do que non nos corresponde. Hai quen incluso chegou a argumentar unha subcultura de barrio de aluvión; pois non, iso pode valer para a socioloxía e a antropoloxía (sen dúbida) pero para celebrar as Letras Galegas, para mostrar o noso patrimonio non debería. E si, de novo, tivo que ser un mestre escritor (dos tempos do compromiso coa lingua e a escola) quen pedise algo que nunca debeu ser necesario: “Unhas Letras Galegas en galego.” Mil grazas, Antón Cortizas, por dicir o que os demais calan.

Recollemos, arquivamos, revisamos para saber que mostrar neste momento ao público en xeral. Esas letras en castrapo ou mostrando contidos machistas ou “idadistas” non son destes tempos, agás que queiramos perverter o legado. Porque a tradición está viva e cada tempo pon nela a súa pegada e non sería moi acaído mostrar hoxe a marca dos peores. Niso confiamos, igual que o facemos en que este patrimonio continúe ocupando o espazo que lle corresponde, porque non remata co día nin co ano; é para todos os tempos!

Historia viva

Jorge Sacido Romero

Coma sempre, ó entraren no portal do edificio, mentres Ricardo miraba a caixa de correo, Miguel premia o botón do ascensor. Levaban xa tres anos traballando nas súas teses de doutoramento en Historia Medieval e compartían piso con Abel, un estudante de Física. Ricardo camiñaba agora amodo cara ó seu amigo cun xesto ambiguo na cara, absorto na lectura dunha carta con timbre oficial que atopara no medio da habitual morea de publicidade. Era unha comunicación do INEM cunha oferta de emprego para conducir autobuses. Pois a súa nai, unha muller de mente práctica e dona dunha autoescola, obrigáralo a sacar o carné, capacitación que el fixera constar no seu currículo. Pousou a carta coidadosamente na súa mesa de estudo a carón de feixes de manuscritos fotocopiados debaixo dos cales estaba enterrado un ordenador portátil 386 que gardaba múltiples versións do mesmo documento. Ningunha pasaba, amargamente, de dez páxinas pouco prometedoras.

“Este tribunal estima que concorren no candidato méritos suficientes para transmitirle a quen corresponda a proposta de nomeamento de don Ricardo P. L. como catedrático de Universidade en Historia Medieval”. Alí estaba el, trinta anos despois, no cumio da súa carreira. O esforzo pagara a pena. Sen fins de semana, sen vacacións, días sen noite, de aquí para alá polo mundo. Ordenadores cada vez máis funcionais, papeis antigos con letra esvaída que falaban de feitos pasados que el revelou ó mundo en numerosas publicacións rexistradas nos máis prestixiosos índices bibliométricos. Toda unha vida, trinta anos, namorado dos mortos, moito máis fascinantes cós vivos, eses ó seu redor, que medraban, envellecían e daban problemas. Non chegara a tempo para se despedir da súa nai moribunda por estar a miles de quilómetros consultando manuscritos escuros nun escuro mosteiro. Os seus fillos, xa adultos, non sentían apego por el, e a súa muller, que non entendía a importancia do seu traballo, abandonáralo había máis de quince anos. Que importaba? Só importaba a xente que existira algunha vez nalgún lugar, devolvelos á vida en letra impresa, ser admirado, aplaudido polos seus pares, idolatrado por estudantes ensimesmados que querían ser coma el. Que triunfo! Que triun-fop-fop-pssss...

... pssss

—Merda! Outra vez a maldita porta de atrás!— Ricardo parou o autobús, baixou e pegoulle unha patada á porta desde fóra. Mentres se cerraba viu alguén maior, de pé, a uns metros.

—Señora, que fai aquí?

—Estaba esperando o autobús. Grazas por parares aquí diante.

—Esa non é a parada, señora, pero ... suba, logo. Aquí, sente aquí, señora, na parte de diante e cónteme a súa historia.

Arrancou o autobús, que agora entraba nunha ponte medieval cunha estraña curva ó principio.



—Son de aquí, da Ponte Nafonso. Vou a Santiago, ó médico. Meu fillo Miguel non me puido levar desta volta porque anda por aí, con cousas da Universidade, sabe? Aínda que casei nova, só teño un fillo. Meu home morreu no mar hai trinta anos. Quedoume unha pensión de viuvez pero tiven que emigrar aínda así...

Ricardo sorría mentres escoitaba a historia da señora, a quen recoñecera e que tamén sorría vivamente por ter alguén que lle facía tanto caso. Ó chegar á casa, contoulle todo á muller, coma decote.

CAFÉ-BAR TINS

Xerente: Manuel Tomé Antelo

Rúa da Capela, 22
15230 A SERRA DE OUTES (A Coruña)

☎ 981 851 164

O convite de Hades


Henrique Álvarez

- Mamá!, Mamá! Mamá! Por que estou aquí? Isto non é a miña cama. Onde estás, mamá? Teño medo, mamá! Dóeme a barriga, mamá, e o peito. Por que doe tanto? Non dou aberto os ollos. Sinto vergoña porque chorei tanto que as bágoas fixéronse de cristal e pecháronme os ollos. Pero teño que ser grande, teño que ser forte, xa teño dez anos, ese é un número redondo, un número de dez. Agora non teño escusa para non ser o mellor neno, o mellor home, un estudante de dez, un defensor da familia de dez. Nunca máis rifarei coa Anisa e protexereina como ti fas e como papá fai, porque teño catro anos máis ca ela, case catro.

Pero doe, mamá. Sabes, doe de carallo. Non me rifes, por favor, escapóuseme. Parece que podo abrir un pouco os ollos e ver algo. Que raro! Que fai a antena dos veciños diante miña cama. A antena dos veciños non tiña que estar no meu cuarto. Porque estou no meu cuarto. Sinto resoar o papá. Resoa moi forte un par de veces e despois acalma. Estouno vendo, aínda que sei que é algo raro, como nun soño, como se os muros se volvesen transparentes e o vise a través da parede do meu cuarto e da do cuarto da Anisa. Pero a ti non te vexo, mamá. Quizais quedaches a durmir na casa dos amos dhimmis, pero non, porque hai xa anos que non te chaman. Lembro que estivestes tristes uns días ti e papá, e a Anisa e máis eu ao vervos, pero despois foi marabilloso terte sempre aí para nós e non ter que consolar a Anisa, a min non, porque son un home e son forte, aínda que doia, que doe de carallo. Perdón, outra vez.

O papá dorme tranquilo a uns metros de min, non fai ruído ningún. Agora consigo abrir outro pouco os ollos. Xiro a cabeza. Que fai a antena dos veciños no meu cuarto, ou no voso, pode que sexa o voso, ou o da Anisa. Está aí, aí está a Anisa. Ten a mirada de medo das noites de bombardeo, xa vou Anisa, miña irmanciña querida. Xa vou, pero non avanzo, como nun soño, as pernas non me responden. Tranquila, Ani, tranquila. Enseguida estou contigo. Non chores. E non me mires así de fixo. Ani! Ani! Atende. Dime algo. Dime onde están a túa barriga e as túas pernas. Non, non mo digas. Estounas vendo. Están ao alcance da túa man. Cólleas! Oh, Señor, cólleas e ponas, Ani, miña irmanciña querida! Papá, por favor, mira a Ani, xa está facendo o parvo outra vez! Mamá, onde estás? Acúdenos. Dille que chore, polo menos, que diga algo, que me chame parvo, doulle permiso. -Mamá! Mamá! Aí, que dor, que dor na barriga e tamén no peito. Nas pernas non, polo menos as pernas non doen. Dille á Ani que me perdoe, que non quixen turrarle do pelo, que era broma, mamá. Senón non llo digas, vou ir eu.

Xa está. Conseguín erguerme. Xa case non me doe nada. O papá abriu os ollos, viume e está tan orgulloso de min, do seu home de dez, que vai onda a Ani e a esperta, consegue convencela de que poña as pernas e, nada máis poñelas, ela lánzase cara a min, ceibando un ledó Bulbul!, Bulbul!!! tan forte que a antena do veciño se desfai en anacos. Veñen correndo na miña procura. Despois iremos todos buscarte. Canta luz, mamá.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanelería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionsblanco.com
facebook.com/construccionsblanco/

Melloría? Tempo ó tempo

Ben, pois xa andamos outra vez co choio do artigo en cuestión, que parece ser que cada vez lles gusta máis ós nosos lectores. Pode ser debido a que reflectimos moitos dos seus pareceres respecto da vida municipal, con toda a súa problemática engadida. Somos conscientes da boa acollida do número anterior e, co mesmo ímpeto, imos seguir dando unhas vareadas en forma de palabras, como non podería ser doutra maneira.

Xa co novo goberno constituído e reencamiñando o mando do Concello, pois parece ser que estaba moi maliño, a nova corporación, xunto co achegado díscolo valorado en 35.400 € anuais, pois agora van facer marabillas e isto vai ir como a seda. As asistencias ós plenos, que van ir todións, iso si, pasaron de 60 a 100 € e as comisións de goberno ata os 120 €. Reviven dúas comisións, a de Coordinación e a de Urbanismo... e xa que estamos, pra diante!!


Pero ben, hai que esperar acontecementos, que, se fan cousas boas e proveitosas para o cidadán, seremos os primeiros en dicírllelo, e se, polo contrario, van por outros camiños, pois tamén estaremos por aquí para recordárllelo.

Por outra banda, un cidadán mandounos unha foto do paseo fluvial, dunha mañá que ía paseando e encontrouno cheo de bosta de cabalo, e preguntábase se o xinete non tería que recoller tales excrementos, pois os dos cans fano... que son, máis chulos?... chuliños algo si, ho!


Outro deixábanos tamén unha petición pró concello: que, de ser posible, puxesen unha ou dúas escaleiras na rampla do estaleiro Cipriano, pois o acceso ó areal faise moi escabroso pola textura das pedras. Iso si, puntualizaba, algo que non rompa a estética do edificio e contorno. Ben, pois aí queda.

En fin, esperemos ter un verán sen incidencias nin malas palabras, pois a calor fai estragos nalgunhas cabezas... e non só a calor.

Lusco e Fusco



ASÍ SI



Ben sinalizado... pois fai moita falta!!!

ASÍ NON...



Un autobús en dobre fila con coches ocupando o seu carril, en Broña. Sen consecuencias...

ASÍ TAMPOUCO...



Coche aparcado no estaleiro de Cipriano... e non pasa nada! Uns fenómenos...

“AS RECEITAS DE TÍA JU “

QUEIXIÑO

Ingredientes:

- 1 bote de leite condensado
- 5 ovos
- unha medida de leite do bote de leite condensado
- caramelo líquido

Elaboración:

Nun recipiente mesturamos tódolos ingredientes (os ovos, batidos e coados), e volvemos a bate-la mestura durante uns 7 minutos. Así quedará máis unida e formará ollíños...

Nun molde apto para o baño maría, con tampa, untado previamente con caramelo, vertémo-lo resultado e deixámolo cociñar ó baño maría sobre 45 minutos. Deixamos que arrefriar e sacámo-lo molde.

É esta unha receita fresquiña para estes días de calor. Recomendamos facela o día antes. O caramelo podemos facelo ou mercalo.



Julia Seijo

Pel de cordeiro

Ledicia Costas

Edicións Xerais, 2024

340 páxinas

Catarina é a máis nova dunha xeración de bruxas. Herda o oficio da súa avoa e aprende como traballar coas plantas medicinais. Son os anos da inquisición e a xente acode a elas por diversos motivos.

Por outra banda, Lola é unha muller dos nosos días. Envolta nunha crise existencial, vese guiada por unhas forzas nas cales, obviamente, non cre, pero que tampouco pode chegar a entender.

Combinando fantasía e realismo, estes dous mundos entrelazados, estas dúas mulleres, de tempos completamente diferentes, vense unidas nun acontecemento crucial, onde, entre a dor, delirios e soños, sucede o máis extraordinario, en que finalmente coñeceremos iso que as une.

En *Pel de cordeiro* adentrámonos no mundo da bruxaría, dos rituais e no uso das herbas como medicina. Son dúas novelas nunha, onde a segunda rompe totalmente co estilo da primeira. Cunha atmosfera e maneira de narrar marabillosa, Ledicia Costas non defrauda.

Miña nai, sempre que viamos unha peza de roupa “perdida” ou algún obxecto nun lugar estraño, dicía que non o tocara, que eran cousas de bruxas. E eu, por desconfiada, facíalle caso, porque ninguén cre, pero todo o mundo sabe que, meigas, “habelas hainas”.

Rocío Otero



O devir humano

O romanticismo atrápanos como a néboa nos camiños, transfórmanos algo máis có espírito, buscando unha intimidade non desexada de parte a parte. As opinións van cambiando así como as formas de vida, coas diferenzas temporais que nos separan, non son doadas nin tampouco definitivas. As realidades distintas que sucederon, coas súas cerimonias pechadas, opinións dunha personalidade propia, suxeita ó entusiasmo dunha xeración adormecida.

Aquel sentido da paisaxe, como un chamamento de paixón do ser humano, por momentos dramático e por outros ambicioso, evocan como lóstregos no ceo o chamamento de urxencia pola liberdade e mesmo soidade. Exaltadora tamén de pequenos anacos da historia de cada quen, cheos dun humanismo afastado.

Dende logo, non podemos esquecer aquelas horas de ledicia e asoballada angustia con toques de fatalidade, propios da conciencia humana, mais o espírito galego seguirá adiante sempre, moderno, cunha potencia misteriosa que nos fai dar amor, sempre disposto a dar amor, pois é o que salva o mundo, o que move todo.

Xastre



Guende ou Gende?

Xosé Carlos Gz Añón

Parece que, na parroquia de Santo Ourente, unha pequena aldea resiste aínda e sempre ante o invasor.

Aínda que, talvez, se equivoquen de invasor...

Guende é o nome que consta para este lugar no Nomenclátor oficial da Xunta (<https://www.xunta.gal/nomenclator>).

Porén, na propia aldea, no exterior dunha vella parede, consérvase o antigo letreiro de azulexos coa palabra **GÉNDE**. Próximo a el escribiuse agora outro rótulo similar: **GENDE**.

E nun indicador da estrada, que contiña o nome oficial (**GUENDE**), alguén borrou o *U* para ficar tamén como **GENDE**.

Parece evidente que se quere que a aldea teña escrito o nome que, como testemuñan as persoas do lugar, *sempre se pronunciou*, é dicir, coa gheada, e non se considera apropiado o que tratan de *impoñer* cun *gu* que eliminaría esa pronuncia *verdadeira*. Parece estarmos ante unha actuación xusta para reclama-lo nome auténtico do lugar, o nome galego coa pronuncia propia da nosa zona.

Parece..., mais as aparencias enganar.

Certamente, o obxectivo de representa-lo nome que se considera auténtico semella xusto, mais os medios, coa simple eliminación do *u* para deixar escrito *Gende*, levan precisamente a todo o contrario do que se pretende. Levan a escribi-lo nome... en castelán.

Non é algo moi sabido nin difundido, mais a Real Academia Galega (RAG) recoñece nas súas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (NOMIG), xa ó trátaren do alfabeto no principio, a chamada *gheada* e o chamado *seseo* como pronunciacións lexítimas. A letra *g* (que debe converterse no dígrafo *gu* diante do *e* e do *i*) pódese pronunciar, segundo a RAG, con *gheada* ou sen ela e as dúas realizacións considéranse correctas. Podemos pronunciar *gato* ou *guiso* coa *gheada* e *zapato* ou *luz* co chamado *seseo* sen vulnerar norma ningunha da RAG. Cando a RTVG (ou como se chame agora) prohibe que as locutoras e os locutores falen desta maneira, semella descoñecer-las mesmas normas lingüísticas que invoca como coartada para esta censura.

Polo tanto, podemos escribir *Banzas* e pronuncialo co chamado *seseo* sen necesidade de escribirmos *Bansas*. E podemos pronunciar coa *gheada* *Gosende*, *Galteiros*, *O Formigueiro* etc. Pola mesma razón, a escrita *Guende* pódese pronunciar coa *gheada*, sen máis.

Mais se, por algún motivo, queremos deixar claro que unha palabra ten que se entender e pronunciar obrigatoriamente co *seseo*, ou queremos resaltar esta pronuncia, poderíamos, nun contexto relativamente informal, usar expresamente a letra *s* e escribiríamos entón, coma tal, *sapato*.

Cabería pensar que o mesmo recurso valería para a *gheada* e escribiríamos daquela, de a queremos marcar expresamente, *jato*, *giso*... e *Gende*... Mais non, o certo é que así non vale, non. Só poderíamos pensar así dende a mentalidade do castelán, por se-lo noso son da *gheada* ([h] ou [h]) similar (aínda que non igual —polo menos, non igual có do castelán falado en Castela—) ó representado no castelán con esa escrita *j/ ge / gi* (coa *cal* é o castelán o que se aparta da maioría das outras linguas). Vexamos por que non vale...

Segundo as normas da RAG, no galego actual non se admite o uso na

escrita da letra *j*, nin tampouco da letra *g* seguida directamente por *e* ou *i* (*ge*, *gi*), agás nalgúns estranxeirismos (*judo*, *vintage*...). Polo tanto, grafar *jato*, *giso* ou *Gende* vai contra a esencia da norma da Academia. Con todo, se queremos ir máis aló da norma vixente da RAG, o certo é que non é impropio do sistema do idioma galego a escrita do *j* e do *ge / gi*, mais nunca con ese resultado da *gheada* ou similar, senón coa mesma pronuncia da letra *x* de, por exemplo, *xogador* ou *queixo*: o fonema representado por */ʃ/*. Esa era a escrita do galego (ou do galego-portugués) histórico, a que reclama agora para nós o reintegracionismo e a que se mantén no portugués (*jogador*, *geral*). De feito, en Portugal, no Brasil etc. aínda conservan a diferenza entre a pronuncia do *j / ge / gi* (sonora: fonema */ʒ/*) e do *x* (xorda: fonema */ʃ/*) e, así, non pronuncian igual a palabra que representa o alimento (escrita *queijo*) cá que se refire á parte da cara (escrita *queixo*), malia que unha persoa galega que o escoite talvez non o apreciaría, porque ese matiz diferencial na fala xa o perdemos hai moito tempo en case toda a Galiza.

Só dende esta opción reintegracionista se pode escribir *Gende* en galego, mais non entón para a nosa aldea, senón para os lugares que son *Xende* na norma da RAG e ós cales nos referimos despois.

Daquela, se non podemos así, que facemos de queremos resaltar expresamente a *gheada* na escrita galega? Pois, segundo a NOMIG, é doado: usáremo-lo dígrafo **gh**: *ghato*, *ghiso*... e *Ghende*.

Polo tanto, o uso que se fai moitas veces do *j*, do *ge* e do *gi* no galego escrito para tratar de representa-la forma de pronunciar da nosa zona, coa *gheada*, realmente demostra unha subordinación, mesmo inconsciente, ó sistema do castelán. Non é admisíbel na lingua galega escribir *jato*, *Jalfeiros*, *Josende*, *O Formigueiro*, *giso* ou *jrasías* (neste último exemplo, ademais, co ditongo *ia* da forma castelá). Nin, polo mesmo, *Gende* para representa-la *gheada*. A escrita estándar (*gato*, *Galfeiros*, *Gosende*, *O Formigueiro*, *guiso*, *grazas* —non o castelán **gracias*—, *Guende*) xa permite pronunciar, se queremos, coa *gheada*. Mais, de a desexarmos resaltar, deberíamos entón escribir *ghato*, *Ghalfeiros*, *Ghosende*, *O Formigueiro*, *ghiso*, *ghrazas* (ou *ghrasas*), *Ghende*.

É importante ter en conta que os castelanismos non se convierten en galego só por pronuncialos con *gheada* e *seseo*: **ghrasías* ou **ghallegho*, por exemplo, son casos de castelán disfrazado de galego. Tamén vemos a miúdo, sobre todo nas mensaxes informais, representa-lo son da risa ou da hilaridade como *ja ja*, *je je*, *jjj* etc. Outra vez, esta é a maneira de escribilo só no castelán, allea ó galego (e á maioría das linguas). Trátase dun son onomatopéico común, que se dá tamén nas zonas que non teñen *gheada*. A solución para a escrita galega (e moitas outras) nestes casos é un simple *h*, que aquí representa esa pronuncia aspirada: *ha ha!*, *he he!*...

Aínda que isto poida sorprender, a *gheada* (que actualmente abrangue, máis ou menos, a metade occidental, e zonas dos Ancares, do territorio lingüístico galego) non é algo *de toda a vida* (polo menos, non da vida da lingua galega). Segundo as teorías máis aceptadas, xurdiría na Idade Moderna, posibelmente sobre o século XVII. Mesmo algunhas negan que sexa un fenómeno autenticamente galego,

senón que, din, aparecería pola influencia ou a interferencia do castelán, e defenden que habería que rexeitala. Semella entón que o topónimo *Guende* sería pronunciado, na súa orixe (medieval) e durante séculos, mesmo en Guende, sen a gheada.

No chamado seseo a historia é no sentido inverso. O son do galego de sempre é o que identificamos co *s* e, porén, é o son do *z* / *ce* / *ci* (representado fonoloxicamente como /θ/) o que aparecería na Galiza máis tarde en con moitas sospeitas de ser un castelanismo, aínda que hoxe ocupa a maior parte do territorio.

Curiosamente, noutro topónimo do concello, *Seilán*, sucede algo contrario ó de *Guende*, xa que hai quen pretende quita-la representación *do noso seseo* e que se escriba *Ceilán*. Nesa pretensión pártese dun erro esencial, pois *Seilán* non é unha escrita con seseo, como non o é *mesa* ou *A Serra* ou *Siavo*. O nome do lugar é así, *Seilán*. Parece vir do nome persoal medieval de orixe xermánica *Sanila*. Non se trata dunha pronuncia con seseo dun suposto *Ceilán*. Pola contra, *Ceilán* correspondería a unha castelanización ou unha ultracorrección sen fundamento (sería como escribir *meza* ou *La Cerra de Outes* ou *Ciavo*), mais que, polo visto, resulta difícil de eliminar.

De volta á aldea de Santo Ourente, por que está escrito entón *GÉNDE* no vello letreiro de azulexos? Porque se fixo, haberá xa algúns séculos, en castelán, como era propio daquela época. Noutros documentos aparece tamén como *Guende*, inclusive *Jende*... pois a vacilación e inseguridade na escrita era habitual entón. Sexa como fose, esa inscrición en castelán non pode ser hoxe referencia para unha escrita galega.

E resulta lamentábel que a inseguridade ou o descoñecemento que podía haber hai séculos na escrita do castelán se manifeste hoxe de modo flagrante no galego, mesmo nestas cuestións básicas, tras décadas de ensino e presunta normalización.

Podería inclusive ser *Gende* (ou *Jende*) unha castelanización de *Xende*? De feito, nalgúns sitios, como na páxina web do Turismo de Outes (<https://turismo.outes.gal/historia-e-patrimonio/breve-historia-de-outes>), aparece (ou aparecía) o nome do lugar como *Xende*.

Certamente, o topónimo *Xende* existe. O Nomenclátor recolle 6 *Guende* (mais outro *Vilarguende*) e 4 *Xende*.

Mais son nomes con étimos diferentes, aínda que todos parecen

proceder de individuos medievais, maiormente de orixe xermánica, posesores desas terras.

E non, a nosa aldea non é un caso de *Xende* (agás proba contraria, que semella pouco probábel).

Parece, entón, que nos sitios en que aparecía *Gende* ou *Jende* simplemente se representaba a gheada no castelán. E que nos que se puxo agora *Xende* se cometeu un erro, por unha ultracorrección no galego ou, talvez, por unha falsa analoxía co *Xendil* de Valadares.

Antes das conclusións, é xusto agradecermo-los valiosos apuntamentos achegados polo académico Gonzalo Navaza, así como por Vicente Feijoo, coordinador da Unidade Técnica de Toponimia da RAG.

Entón, tras apartarmos *Xende*, volve a pregunta "**Guende ou Gende?**", que, despois de todo o indicado, podemos deducir que é equivalente, neste caso, a "galego ou castelán?". E, contra o que puidese parecer dende unha lectura castelá, o galego é o primeiro.

En galego, a escrita debe ser *Guende*, que é, ademais, o nome recollido no Nomenclátor oficial. Só é posíbel percibir como allea esta forma se a lemos en *castelán*. De a lermos en *galego*, podémola dicir coa gheada se queremos. Así a todo, de desexarmos expresar inequivocamente que a pronuncia deste nome debe ser sempre coa gheada, entón, segundo a RAG, **poderíamos tamén escribir *Ghende***. Nos topónimos (e os xentilicios), un dos criterios é que as variantes galegas locais poden preferirse antes có estándar. Por exemplo, aínda sendo chá a forma feminina elixida para o estándar, hai lugares que se chaman *Vilachán* (ou *A Pedrachán*, en Noia) e, neses casos, é o nome oficial recollido no Nomenclátor. Cabería entón que mesmo o nome oficial pasase a ser coa escrita *Ghende*? Aínda que, talvez, unha pretensión así non tería que considerarse unha trapallada sen máis, parece pouco factíbel: no Nomenclátor non hai ningún nome co *gh*, pois é unha cuestión radicalmente diferente á dos exemplos mencionados e, ademais, a escrita estándar (*Guende*) xa acolle tamén a gheada local.

En todo o caso, **para a nosa pequena aldea, **Gende*, non**. Esta é a maneira de escribir coa mentalidade do castelán, que debemos evitar no galego, a non ser que queiramos prescindir do galego, ou subordinalo e reduci-lo a unha especie de dialecto do castelán.

Mereceríamos daquela que nos berrasen: *Son tolos estes galegos!*



Esta antiga inscrición debeuse facer, obviamente, en castelán.



A escrita "GE" só representa o son da gheada no castelán, non no galego.

A dieta atlántica de Añón (VII)

Ramón Blanco

Como ben di Anxo Angueira nun artigo (“Ferve o pote”, *Nós Diario*, 28-1-2021): Rosalía, igual ca o padre Sarmiento, ao enumerar a nosa rica gastronomía contesta dalgún xeito aquel “papas de mijo en concas de madera” do soneto atribuído a Luis de Góngora, onde se ataca duramente a Galiza. Hai nese texto outras hipérboles gastronómicas: “berzas gigantes, nabos filisteos,/ gallos del Cairo, búcaros pigmeos” e “pan de Guinea, techos sahumeros” (co dobre sentido do “afumado”, xa que a maioría das casas carecían de cheminea, algunhas aínda sen ir tan atrás nos séculos). Non nos imos deter moito aquí, pois daría para algo ben extenso ocupármolos das imaxes gongorinas, reparémos só na alusión, propia do racismo sociolóxico e resonancia clásica no Século de Ouro, aos elementos africanos, algúns dos cales vemos repetidos na comedia de Lope de Vega *La otava maravilla* (cuxo texto foi publicado en 1618; a viaxe de Góngora a Galiza data de 1609 e, aínda que el non publicou as súas obras, senón que comezaron a aparecer tras a súa morte, versos del si circulaban de man en man). Esta visión galegófoba do soneto de Góngora será duramente contraatacada nunha réplica do Cura de Fruíme, máis dun século despois, pero tampouco podemos tratar disto agora, a risco de volver desviarnos do tema. Igual si vén a conto dicir que disque foi estoutro crego, Diego Antonio Zernadas e Castro, quen introduciu na parroquia lousamá o cultivo do millo, ensinándolles aos fregueses como plantalo, moelo e facer a boroa. Tampouco queríamos deixar pasar un breve comentario relativo ao “pan de Guinea”, por seguirmos cun dos alimentos dos que máis levamos citado nesta serie. Mediado o século XV xa se nomeaban como “guineus” os africanos ao sur do río Senegal (en oposición aos “mouros”). Pénsase así que foron os portugueses quen tomaron o nome da expresión bérber *ghinawen*, “a xente queimada”. Ao parecer, o termo bérber *aginaw* significa “negro”. Góngora acerta no albo da base dietética sobre a que fai burla: verzas e nabos (nabizas -entre nós, rabizas- e grelos) constituirían por forza o alimento máis común, os ingredientes principais dun caldo cativo, antes da chegada da pataca. O mesmo había pasar cun pan por forza ruín, o pan negro, que sobreviviu a través das épocas da fame até a memoria dos vellos que viviran as miserias da posguerra do trinta e seis. Como curiosidade, aínda diremos que o guineo é un tipo de plátano ou banana, e del tamén se fai pan, mais non é o caso.

Indo ao que nos interesa, a burlesco pouco lle pide a Góngora, ou aínda a Quevedo, o noso Añón. Rematabamos a entrega anterior advertindo que para comer mel hai que estar preparado para as aguilloadas das abellas. E lembramos así aquela exacta definición do epigrama de Juan de Iriarte reproducida no inicio destes apuntamentos, alá polo número 65: pequeno, doce e punzante, é dicir, á abella semellante. A atenta lectora observará que temos posto un pé na literatura hispana do s. XVII e outro na do XVIII. Respectivamente, na nosa opinión, os ollos e mais o rabo. No entanto, dese pozo menos cristalino nace unha das fontes máis fecundas de Francisco Añón, pois na súa obra podemos rastrexar non poucas débedas coa estética neoclásica, tomando, nalgúnha ocasión, como veremos, o papel de epigono.

Bastará como exemplo supremo da vea satírica do noso poeta, e como porta a onde queremos chegar, a composición titulada “A ó meu sobriño” (nun manuscrito, datado en Santiago en 1869, e que manexara Xosé M^a Álvarez Blázquez figuraba así: “En contestación a un Sobriño del autor, que le escribe, pidiéndole una recomendación para un amigo que se quería casar y el Cura no lo casaba porque habia varias mujeres que habian presentado impedimento”): “(...) Eu non quero tomar parte/ N’esas mal fadadas bodas;/ Por min, q’as empreñe á todas/ Si pode hasta que se farte:/ Xá q’o demo lle deu arte/ Para lles encher os foles/



Cura de Fruíme e arcepreste de Posmarcos de Arriba, Cernadas (1702-1777) foi pioneiro do cultivo do millo nesas terras, de onde puido estenderse o coñecemento ás nosas. Gravado no tomo II das súas obras (1778).

Debe encantar ¡Caracoles! Tamen es’outra miniña,/ Por un pouco de fariña/ Que non deixe as papas moles.// (...)”. Abofé, non intervén neste poema a musa máis inspirada de Añón, aínda que poidamos valorar certo autobiografismo. De por parte, este apego ao realismo externaliza a cousificación da muller, mesmo até a crueza (cando se refire ao lugar -Boel?- como prostíbulo: “ese serrallo de aldea”, v. 32). E, se non era pouco, aínda reserva os derradeiros versos para maior escarnio do clero, que non poderá opoñerse á voda, “Que se ouver dificultade/ Pode empreñar á ó Abade/ Provisor é o Arzobispo”.

Para non rematar con tan tremebundo sabor de boca, tras reparar na metáfora obscena “encher os foles” (=“encantar”), saquemos dela o proveito de ver como leveda o xogo poético un par de versos despois, ao sacar a colación a fariña (decote antano transportada en foles) coa que facer as papas. E a expresión parece ser fraseolóxica, pois recolle un refrán case idéntico Eladio Rodríguez González: “Por unha presa de fariña, que as papas non queden moles”. Así como os curas querían beber o chocolate ben espeso (igual noutra ocasión podemos explicar por que, tal como aprendemos), calquera sobriño de seminarista sabe que fartan máis as papas bastas. E por hoxe basta.